

ACORDO DE CREACIÓN DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DA USC (EDIUS) E DE SUPRESIÓN DAS CATRO ESCOLAS CREADAS POLO DECRETO 91/2017

1. MARCO XURÍDICO

A Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades (LOU), define a estrutura das ensinanzas universitarias en tres ciclos: Grao, Máster e Doutoramento e, polo tanto, distingue claramente entre o segundo ciclo de estudos universitarios, de Máster, e o terceiro, de Doutoramento. Os estudos de doutoramento, regulados polo RD 99/2011, correspondentes ao terceiro ciclo, conducen á obtención do título oficial de Doutor ou Doutora.

Pola súa banda, a Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, introduce unha modificación ao artigo 8 do título II da LOU, establecendo que *“As escolas de doutoramento son unidades creadas por unha ou varias universidades, por si mesmas ou en colaboración con outros organismos, centros, institucións e entidades con actividades de I + D + i, nacionais ou estranxeiras, que teñen por obxecto fundamental a organización, dentro do seu ámbito de xestión, do doutoramento nunha ou varias ramas de coñecemento ou con carácter interdisciplinario”*.

O Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento, recolle a posibilidade de que as universidades poidan crear escolas de doutoramento co fin de organizar, dentro do seu ámbito de xestión, as ensinanzas e actividades propias do doutoramento, cuxas especiais características aconsellan un alto grao de flexibilidade na regulación dos estudos e un modelo de formación doutoral con base na universidade, pero integradora da colaboración doutros organismos, entidades e institucións implicadas na I+D+i, tanto nacional como internacional, no que as escolas de doutoramento están chamadas a xogar un papel esencial.

A Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, establece, no artigo 4.4, que tanto a creación como a extinción daqueles centros e estruturas, entre os que se encontran as escolas de doutoramento, necesarios para o desenvolvemento das funcións universitarias, se levarán a cabo de acordo coas previsións contidas na lexislación estatal e autonómica, nos Estatutos e restante normativa interna de cada Universidade. Polo que respecta á creación específica das escolas de doutoramento, o artigo 19.4 determina que será necesaria a autorización previa da Consellería competente en materia de universidades.

Os Estatutos da USC, aprobados polo Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, definen as escolas de doutoramento no artigo 57 como as unidades destinadas a organizar e

impartir as ensinanzas e actividades propias do doutoramento. O artigo 59 establece o procedemento para a súa creación, modificación e supresión, incidindo en que as iniciativas de creación deberán prever o necesario para garantir unha estratexia de investigación propia aliñada coas estratexias da Universidade, unha capacidade de xestión axeitada para cumprir cos seus obxectivos, e o liderado no seu ámbito coa configuración dunha masa crítica de profesorado doutor e estudantes de doutoramento nos diferentes ámbitos de coñecemento. Segundo o artigo 120, as escolas de doutoramento compóñense dos seguintes órganos de goberno: Comité de Dirección, director ou directora e secretario ou secretaria.

Finalmente, o Regulamento de estudos de doutoramento da USC dedica o artigo 4 ás escolas de doutoramento, determinando no 4.6 que “son membros da Escola de Doutoramento os membros integrantes dos órganos de dirección da Escola, o persoal docente e investigador que forma parte dos programas de doutoramento e os doutorandos ou doutorandas matriculados na USC nos programas de doutoramento da Escola”.

A USC, a fin de organizar os estudos oficiais de doutoramento e en desenvolvemento da súas competencias, propón a creación dunha Escola de Doutoramento definindo, para iso, a súa estrutura, competencias e organización mediante a integración, e conseguinte extinción, das Escolas de Doutoramento actuais, a saber: a Escola de Doutoramento Internacional (EDI) en Artes e Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas, a Escola de Doutoramento Internacional Campus Terra, a Escola de Doutoramento Internacional en Ciencias da Saúde, a Escola de Doutoramento Internacional en Ciencias e Tecnoloxía, e do Centro Internacional de Estudos de Doutoramento e Avanzados da USC (CIEDUS).

2. ANTECEDENTES

No Consello de Goberno do 26 de xullo de 2016 aprobouse a creación do CIEDUS como centro de xestión e coordinación dos estudos de doutoramento da Universidade de Santiago de Compostela. Doutra banda, aprobouse a segregación da Escola de Doutoramento Internacional da USC, creada no Decreto 95/2013 do 13 de xuño, en catro novas escolas tendo en conta as grandes áreas de coñecemento da universidade.

Esta estrutura fíxose efectiva polo Decreto 91/2017, do 21 de setembro, polo que se crean, na Universidade de Santiago de Compostela, a Escola de Doutoramento Internacional (EDI) en Artes e Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas, a Escola de Doutoramento Internacional Campus Terra, a Escola de Doutoramento Internacional en Ciencias da Saúde, e a Escola de Doutoramento Internacional en Ciencias e Tecnoloxía, e se dispón a supresión da Escola de Doutoramento Internacional da USC, creada polo Decreto 95/2013, do 13 de xuño.

A partir da análise realizada sobre a estrutura organizativa actual dos estudos de doutoramento na USC, constatouse a existencia dunha serie de deficiencias no funcionamento académico e administrativo das Escolas de Doutoramento e a identificación de problemas futuros asociados á actual organización. Para resolver as mencionadas deficiencias, e considerando ao mesmo tempo os criterios polos que se promoveu o anterior cambio de estrutura, propónse unha reestruturación da organización e xestión do doutoramento na USC mediante a creación dunha unidade centralizada para a coordinación e xestión dos estudos e programas de doutoramento, que teña en conta as distintas especificidades e características das grandes áreas de coñecemento pero sen perder, ao mesmo tempo, a unidade de criterios e actuacións en temas académicos que lles afectan por igual a todas elas e atender o seu carácter cientificamente interdisciplinario e a comunicación fluída entre os distintos ámbitos temáticos. Ademais, con esta reorganización conséguese, ademais, unha simplificación dos órganos unipersoais e colexiados de goberno e dos procesos administrativos asociados a súa xestión presentes na anterior estrutura.

En consecuencia, propónse a creación dunha única Escola de Doutoramento, denominada Escola de Doutoramento Internacional da Universidade de Santiago de Compostela, EDIUS, que asumirá a xestión administrativa e a coordinación dos estudos de doutoramento, que eran competencia do CIEDUS, e a coordinación académica dos programas de doutoramento asociados ás anteriores escolas de doutoramento internacional. Para non perder as especificidades propias das distintas áreas de coñecemento ao mesmo tempo que se mantén unha única estrutura organizativa de referencia de cara ao interior como ao exterior da Universidade, a EDIUS estará organizada en catro seccións que agrupan en catro as cinco grandes áreas de coñecemento da seguinte forma:

- Artes e Humanidades,
- Ciencias Sociais e Xurídicas
- Ciencias da Saúde
- Ciencias e Enxeñarías

Cada sección estará coordinada por un subdirector ou subdirectora da Escola, e terán todas aquelas competencias nas que sexa necesaria unha especificación por ámbito de coñecemento.

Doutra banda, coa implantación do sistema de garantía de calidade para os estudos de doutoramento e a necesidade do seguimento e acreditación dos programas de doutoramento, faise necesaria a creación dunha Comisión de Calidade da futura EDIUS. Así, as catro persoas responsables das subdireccións da Escola asumirán, entre outras tarefas, as de coordinación de calidade do seu respectivo grande ámbito de coñecemento.

A estrutura proposta está en consonancia coas Liñas Xerais da Programación Plurianual para o período 2019-2022, aprobadas polo Claustro Universitario na súa sesión do 29 de novembro de 2018, nas que se recolle a necesidade de evolucionar cara á existencia dunha única unidade centralizada, isto é, cara a unha única Escola de Doutoramento Internacional, para enfrontarse aos retos académicos e de xestión dos estudos de doutoramento.

A unificación das catro escolas de doutoramento actuais nunha única Escola perseguir:

- *Mellorar a relación recíproca entre os distintos ámbitos do coñecemento mantendo un grao óptimo de especialización temática baixo unha única estrutura académica e administrativa*, o que debe redundar nun mellor desenvolvemento da formación e da investigación científica interdisciplinaria que facilite a interacción entre o persoal investigador dos distintos ámbitos de coñecemento, e co conseguinte efecto beneficioso tanto para o sector produtivo, ao proporcionarlle persoal altamente formado, como para a propia sociedade, beneficiaria final da transferencia de coñecemento e tecnoloxía. Neste senso, o fluxo de información e interacción entre as actuais EDIs foi máis ben escaso, actuando como órganos estancos tanto a nivel académico como administrativo, o que se traduciu, por exemplo:
 - Na ausencia dunha planificación de actividades conxuntas de formación e de fomento da colaboración científica interdisciplinaria entre as Escolas.
 - Nunha sectorización excesiva das discusións científico-técnicas e de planificación relativas aos estudos de doutoramento, perdéndose a visión de conxunto dos mesmos.
 - Nunha escasa discusión e elaboración dos códigos éticos e de boas prácticas das teses e da súa dirección.
- *Simplificar a estrutura académica, os trámites administrativos e os custos asociados ao funcionamento dos estudos de doutoramento*. Coa estrutura actual xerouse unha organización sumamente complexa na que se inclúe un Consello de Coordinación dos Estudos de Doutoramento, catro comités de dirección das escolas de doutoramento, e catro comisións académicas das escolas, o que supón unha media de 10 reunións de órganos colexiados de doutoramento ao mes, co conseguinte incremento da carga administrativa para organizar e xestionar estes órganos. Ademais, isto implica un importante custo de tempo e dedicación ao persoal académico pola asistencia a un número elevado importante de reunións, gran parte delas para asuntos rutineiros de xestión das escolas. Finalmente, a estrutura actual complica de forma moi importante os procesos de xestión da calidade que se deben poñer en marcha ao longo dos próximos meses.

- *Unificar procedementos administrativos e criterios académicos dos estudos de doutoramento.* No tempo que levan as distintas escolas en funcionamento producíronse interpretacións dispares da normativa dos estudos de doutoramento, así como certas diferenzas nos requisitos, contidos e criterios de calidade mínimos esixibles das teses propostas para a súa defensa, así como os que deben cumprir os propios directores ou directoras de tese.
- *Mellorar a visibilidade dos estudos de doutoramento a través dunha única Escola de Doutoramento como referente académico e administrativo,* o que facilita difundir as actividades formativas e a investigación científica desenvolvidas no doutoramento e resaltar a súa extraordinaria importancia cara á sociedade, o que constitúe unha mellora na cultura das persoas.
- *Constituírse no referente organizativo e académico da estratexia da Universidade para potenciar os estudos de doutoramento e superar o seu estancamento actual,* a través de:
 - Unha actualización da oferta académica dos estudos de doutoramento.
 - Unha planificación e temporalización axeitada das actividades formativas ofertadas ás doutorandas e doutorandos.
 - Unha integración e simbiose real das liñas de investigación estratéxicas da universidade cos estudos de doutoramento.
 - Un incremento da internacionalización mediante á apertura dos estudos de doutoramento a novos países e zonas xeográficas (sueste asiático e China, Oriente Medio, Norte de África, Centro Europa e Europa oriental, etc.) e o reforzo dos lazos con aqueles cos que tradicionalmente a USC mantivo intensas cooperación (Ibero América, Portugal, Europa occidental).
 - O reforzo dos servizos administrativos de xestión do doutoramento, xa que a estrutura actual non foi acompañada dunha estratexia de planificación, desenvolvemento e de actuación de cada Escola temática, nin dunha estrutura administrativa reforzada e necesaria para o seu desenvolvemento.
- *Adaptar a estrutura académica de doutoramento da USC á realidade nacional.* A práctica totalidade das universidades españolas apostaron por realizar a xestión académica e administrativa dos estudos de doutoramento baixo a estrutura dunha única Escola de Doutoramento.

3. MISIÓN E OBXECTIVOS DA EDIUS

A misión da EDIUS é constituírse no modelo organizativo académico e administrativo para o desenvolvemento dos estudos e programas de doutoramento da USC. Co

obxectivo de aliñar estes estudos coas estratexias de formación e investigación da USC, a EDIUS promoverá a máxima calidade e internacionalización dos seus programas de doutoramento, facilitará a coordinación de todas as actividades relacionadas cos mesmos, e realizará a súa xestión administrativa de forma eficiente.

Entre os novos retos da EDIUS atópanse os seguintes:

- a) Crear un espazo físico e virtual interdisciplinario para a realización de actividades formativas, de divulgación científica, e de transferencia do coñecemento, tanto entre estudantes, docentes e persoal investigador, como de cara á sociedade.
- b) Servir de nexo entre a comunidade científica galega, española e internacional a través da organización de actividades e programas de cooperación científicos.
- c) Favorecer e impulsar a actividade interdisciplinaria entre os grandes ámbitos do coñecemento científico.
- d) Impulsar a internacionalización dos estudos e programas de doutoramento mediante a captación de estudantes doutros países, tanto intracomunitarios como extracomunitarios, e o intercambio e mobilidade dos estudantes de doutoramento, docentes e persoal investigador co obxectivo principal de potenciar novas redes de comunicación e colaboración entre os grupos de investigación.

Outros retos da EDIUS, neste caso asociados aos programas de doutoramento que conforman a oferta académica da USC, son:

- a) Promover unha oferta formativa de doutoramento de calidade, con programas atractivos e interdisciplinarios, que permitan acadar aos doutorandos e doutorandas unha formación de calidade e excelencia mediante o emprego óptimo dos recursos humanos e materiais cos que conta a Universidade.
- b) Potenciar programas de doutoramento conxunto que proveñan de convocatorias específicas por concorrencia competitiva, particularmente a nivel internacional.
- c) Promover relacións e alianzas mediante convenios con outras institucións nacionais e estranxeiras, públicas e privadas, nun contorno de colaboración científica e de innovación para o desenvolvemento dos programas de doutoramento.

Acorde con esta exposición de motivos, cómpre adaptar pois a estrutura orgánica e a normativa correspondente para conseguir os obxectivos propostos.

Por todo o anterior, o Consello de Goberno do 28 de maio de 2019,

ACORDA

Primeiro.- Proposta de creación da Escola de Doutoramento Internacional da USC (EDIUS), e supresión das actuais escolas de doutoramento e do Centro Internacional e Estudos de Doutoramento e Avanzados.

1.1.- Créase a Escola de Doutoramento Internacional da USC (EDIUS) conforme ao artigo 8 da Lei Orgánica de Universidades, Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, Estatutos da USC e a Memoria correspondente.

1.2.- Como consecuencia, dispónse a supresión da Escola de Doutoramento Internacional en Artes e Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas, da Escola de Doutoramento Internacional Campus Terra, da Escola de Doutoramento Internacional en Ciencias da Saúde, e da Escola de Doutoramento Internacional en Ciencias e Tecnoloxía, creadas todas elas polo Decreto 91/2017, do 21 de setembro, e do Centro Internacional de Estudos de Doutoramento e Avanzados da Universidade de Santiago de Compostela, CIEDUS, creado polo Acordo de modificación da estrutura de goberno e de xestión dos estudos de doutoramento e do Centro de Estudos Avanzados, e creación do Centro de Estudos propios, aprobado no Consello de Goberno do 29 de xullo de 2016.

1.3.- A EDIUS ten como obxecto constituírse no modelo organizativo académico e administrativo para o desenvolvemento dos estudos e os programas de doutoramento da USC. Por iso, será o centro encargado da organización e xestión dos estudos de doutoramento, e nela integraranse todos os programas de doutoramento da USC que sexan verificados e aprobados conforme á lexislación vixente.

1.4.- Os programas quedarán asociados a unha das catro seccións descritas no ANEXO A do presente Acordo de Creación. As súas competencias específicas recóllense de forma detallada no Regulamento de réxime interno da EDIUS. Para desenvolver estas, a Escola contará cos recursos humanos e materiais que se sinalan no ANEXO B deste Acordo de creación.

1.5.- Son membros da EDIUS as doutorandas e doutorandos matriculados na USC, e o persoal docente e investigador que forme parte dos programas de doutoramento, o persoal de administración e servizos adscrito á EDIUS, e os membros dos distintos órganos de dirección en que se organiza e estrutura da EDIUS.

1.6.- Son órganos de goberno da EDIUS, tal e como establece o artigo 120 dos Estatutos da USC:

- O Comité de Dirección.
- A directora ou director.
- A secretaria ou secretario.

1.7.- Ademais, a EDIUS contará:

- Cunha subdirectora ou subdirector por cada unha das catro seccións correspondentes aos ámbitos de coñecemento de:
 - Ciencias e Enxeñarías.
 - Artes e Humanidades.
 - Ciencias Sociais e Xurídicas.
 - Ciencias da Saúde.
- Cunha Comisión de Calidade.
- Cunhas comisións delegadas do Comité de Dirección:
 - A Comisión Executiva da Escola.
 - Catro comisións sectoriais, unha por cada sección anterior.
- Cun órgano de asesoramento externo á EDIUS:
 - O Comité Consultivo.

1.8.- Tanto as competencias de todos eles como os criterios e requisitos para a elección dos seus membros recóllense en detalle no Regulamento de réxime interno da Escola de Doutoramento Internacional da USC (EDIUS).

1.9.- O Comité de Dirección realizará as funcións relativas a coordinación, organización e xestión dos estudos de doutoramento.

1.10.- O Comité de Dirección da Escola de Doutoramento estará composto por:

- a) A persoa titular da Dirección da Escola de Doutoramento, que o convocará e presidirá.
- b) A persoa titular da Secretaría da Escola de Doutoramento, que o será tamén do Comité de Dirección.
- c) As catro persoas responsables das distintas subdireccións da Escola.
- d) As coordinadoras e coordinadores dos programas de doutoramento adscritos á Escola.

- e) Unha representación do persoal docente e investigador vinculado aos programas de doutoramento adscritos á Escola, nos termos que determine o seu Regulamento de réxime interno.
- f) Unha representación dos estudantes de doutoramento matriculados nos programas de doutoramento adscritos á Escola, que suporá o 25% do total dos membros do Comité de Dirección.
- g) Un representante do persoal de administración e servizos, nos termos que determine o Regulamento de réxime interno da Escola.
- h) Unha representación das entidades colaboradoras.

1.11.- O director ou directora representa á Escola de Doutoramento, exerce a súa dirección e xestión ordinaria, preside e coordina a actuación do Comité de Dirección, da Comisión Executiva, das Comisións Sectoriais, da Comisión de Calidade e das Comisións Sectoriais, e executa os seus acordos.

1.12.- O secretario ou secretaria da Escola é quen dá fe dos actos e acordos dos órganos de goberno da Escola, de representación e administración da Escola e, como tal, ten encomendada a custodia das actas e a expedición das certificacións dos acordos e de todos os actos ou feitos que consten nos documentos oficiais da EDIUS. Ademais, exercerá aquelas outras funcións que lle encomenden o director, a lexislación vixente e o Regulamento de réxime interno da Escola.

1.13.- A Comisión Executiva da EDIUS estará formada por:

- a) A persoa titular da Dirección da Escola, que a convocará e presidirá.
- b) A persoa titular da Secretaría da Escola, que o será tamén da Comisión Executiva.
- c) As catro persoas responsables das distintas subdireccións da Escola.
- d) Unha representación do persoal docente e investigador vinculado aos programas de doutoramento adscritos á Escola, nos termos que determine o Regulamento de réxime interno desta.

1.14.- A Comisión Executiva da EDIUS será a encargada de tomar as decisións oportunas nos aspectos académicos que determine o seu Regulamento de réxime interno e o Comité de Dirección respecto aos programas adscritos á Escola, e aos trámites derivados da defensa da tese, para o que poderá facer uso dos informes que considere oportunos.

1.15.- A Comisión de Calidade da EDIUS será a encargada de velar pola calidade, seguimento e acreditación dos estudos de doutoramento e dos seus procedementos.

1.16.- A Comisión de Calidade da EDIUS estará formada por:

- a) A persoa titular da Dirección da Escola, que a convocará e presidirá.
- b) A persoa titular da Secretaría da Escola.
- c) As catro persoas responsables das distintas subdireccións da Escola.
- d) Unha representación dos coordinadores dos programas de doutoramento, nos termos que determine Regulamento de réxime interno da Escola.
- e) Unha representación dos estudantes matriculados nos programas de doutoramento adscritos á Escola, nos termos que determine o Regulamento de réxime interno da Escola.
- f) Un representante do persoal de administración e servizos.

1.17.- O director ou directora da Escola determinará quen, de entre estes membros, será o responsable de calidade. A figura de coordinadores de calidade, reflectida no Sistema de Garantía Interno de Calidade (SGIC) da Escola, será asumida polas persoas responsables das subdireccións da EDIUS.

1.18.- Cada subdirector ou subdirectora da Escola coordinará a sección do seu grande ámbito de coñecemento a través das comisións sectoriais. Estes serán membros natos de todas estas comisións (Sectorial, Executiva e de Calidade).

1.19.- As comisións sectoriais da Escola serán as encargadas de discutir, valorar e propoñer as cuestións e aspectos relacionados coas especificidades propias dos diferentes ámbitos de coñecemento e demais competencias da EDIUS nas que sexa necesaria unha especificación por ámbito de coñecemento.

1.20.- A EDIUS contará con catro Comisións Sectoriais, que estarán formadas por:

- a) A persoa titular da Dirección da Escola.
- b) A persoa titular da Secretaría da Escola.
- c) A persoa responsable da Subdirección da Escola da sección correspondente.
- d) As persoas responsables da coordinación dos programas de doutoramento adscritos á sección correspondente.

1.21.- O Comité Consultivo estará integrado polas persoas responsables das vicerreitorías da USC con competencias nos estudos de doutoramento, investigación e internacionalización ou relacións exteriores, e por un grupo de docentes, persoal investigador e representantes de empresas e administracións públicas externos á USC de recoñecido prestixio, e que representen aos distintos ámbitos de coñecemento da Escola.

1.22.- A existencia do Comité Consultivo permitirá ter a EDIUS unha visión crítica e externa das accións da Escola, así como recibir propostas de mellora e recomendacións de actuacións a desenvolver conforme a súa planificación estratéxica. Será o encargado de asesorar e brindar apoio ao Comité de Dirección e as súas comisións delegadas.

Segundo.- Creación da EDIUS.

2.1.- A Escola crearase coa publicación no DOG do seu Decreto de creación. Consonte á Lei do Sistema Universitario de Galicia e o Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento, a creación da nova Escola deberá ser notificada ao Ministerio de Educación a efectos da súa inscrición no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos.

2.2.- O Consello de Goberno da USC aprobará o Réxime transitorio da Escola e a constitución dos seus órganos transitorios mediante unha norma.

ANEXO

ANEXO A

ESTRUTURA ACADÉMICA: PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO E ACTIVIDADES FORMATIVAS

As escolas de doutoramento son unidades destinadas a organizar e impartir as ensinanzas e actividades propias dos estudos de doutoramento.

No seu ámbito de actuación, son responsables dos programas de doutoramento así como da oferta e xestión doutras actividades abertas de formación en investigación.

1. Programas de Doutoramento

A EDIUS integrará a todos os programas de doutoramento da USC que sexan verificados e aprobados conforme á lexislación vixente.

A Escola de Doutoramento Internacional da USC, EDIUS, será a unidade encargada da organización dos estudos de doutoramento impartidos actualmente na USC, que con correspondencia ás catro seccións quedarían distribuídos da seguinte maneira:

Sección de Arte e Humanidades.

1. Programa de Doutoramento en Estudos Culturais: Memoria, Identidade, Territorio e Linguaxe (Interuniversitario)
2. Programa de Doutoramento en Estudos da Literatura e da Cultura
3. Programa de Doutoramento en Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura (Interuniversitario)
4. Programa de Doutoramento en Estudos Medievais
5. Programa de Doutoramento en Filosofía
6. Programa de Doutoramento en Historia Contemporánea (Interuniversitario)
7. Programa de Doutoramento en Historia, Xeografía e Historia da Arte
8. Programa de Doutoramento en Lingüística
9. Programa de Doutoramento en Lóxica e Filosofía da Ciencia (Interuniversitario)
10. Programa de Doutoramento en Protección do Patrimonio Cultural (Interuniversitario)
11. Programa de Doutoramento en Textos da Antigüidade Clásica e a súa Pervivencia (Interuniversitario)

Sección de Ciencias Sociais e Xurídicas

1. Programa de Doutoramento en Análise Económica e Estratexia Empresarial (Interuniversitario)
2. Programa de Doutoramento en Comunicación e Información Contemporánea
3. Programa de Doutoramento en Dereito
4. Programa de Doutoramento en Desenvolvemento Psicológico, Aprendizaxe e Saúde (Interuniversitario)
5. Programa de Doutoramento en Desenvolvemento Rexional e Integración Económica
6. Programa de Doutoramento en Economía e Empresa
7. Programa de Doutoramento en Educación
8. Programa de Doutoramento en Equidade e Innovación en Educación (Interuniversitario)
9. Programa de Doutoramento en Marketing Político, Actores, e Institucións nas Sociedades Contemporáneas
10. Programa de Doutoramento en Procesos Psicológicos e Comportamento Social
11. Programa de Doutoramento en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Xurídica-Forense e do Consumidor e Usuario

Sección de Ciencias e Enxeñarías

1. Programa de Doutoramento en Ciencias e Enxeñaría: Biodiversidade e Conservación do Medio Natural
2. Programa de Doutoramento en Ciencia de Materiais
3. Programa de Doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía Química (Interuniversitario)
4. Programa de Doutoramento en Ciencias Agrícolas e Medioambientais (Interuniversitario)
5. Programa de Doutoramento en Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión (Interuniversitario)
6. Programa de Doutoramento en Enerxías Renovables e Sustentabilidade Enerxética
7. Programa de Doutoramento en Enxeñaría para o Desenvolvemento Rural e Civil
8. Programa de Doutoramento en Enxeñaría Química e Ambiental
9. Programa de Doutoramento en Enxeñaría Termodinámica de Flúidos (Interuniversitario)
10. Programa de Doutoramento en Estatística e Investigación Operativa (Interuniversitario)
11. Programa de Doutoramento en Investigación Agraria e Forestal (Interuniversitario)

12. Programa de Doutoramento en Investigación en Tecnoloxías da Información (Interuniversitario)
13. Programa de Doutoramento en Física Nuclear e de Partículas
14. Programa de Doutoramento en Láser, Fotónica e Visión (Interuniversitario)
15. Programa de Doutoramento en Matemáticas
16. Programa de Doutoramento en Medio Ambiente e Recursos Naturais
17. Programa de Doutoramento en Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas (Interuniversitario)
18. Programa de Doutoramento en Xestión Sustentable da Terra e do Territorio

Sección de Ciencias da Saúde

1. Programa de Doutoramento en Avances e Novas Estratexias en Ciencias Forenses
2. Programa de Doutoramento en Avances en Bioloxía Microbiana e Parasitaria
3. Programa de Doutoramento en Ciencias da Visión (Interuniversitario)
4. Programa de Doutoramento en Ciencias Odontolóxicas
5. Programa de Doutoramento en Endocrinoloxía (Interuniversitario)
6. Programa de Doutoramento en Epidemioloxía e Saúde Pública
7. Programa de Doutoramento en Inhibición de Receptores de Adhesión Plaquetaria en Trombose (TAPAS) (Interuniversitario)
8. Programa de Doutoramento en Innovación en Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias
9. Programa de Doutoramento en Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias
10. Programa de Doutoramento en Investigación Clínica en Medicina
11. Programa de Doutoramento en Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos
12. Programa de Doutoramento en Medicina e Sanidade Veterinaria
13. Programa de Doutoramento en Medicina Molecular
14. Programa de Doutoramento en Nanomedicina (Interuniversitario)
15. Programa de Doutoramento en Neurociencia e Psicoloxía Clínica (Interuniversitario)